



## **Anexo relación definitiva de alumnado admitido e excluído**

ORDE do 20 de maio de 2019 (DOG do 29 de maio) pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2018/19

En data 24/07/19 publicáronse nos lugares establecidos no artigo 17 da Orde do 20 de maio de 2019 as listaxes definitivas de alumnado admitido e excluído dos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2018/19, de acordo co establecido no artigo 9 de dita Orde, sendo a listaxe de alumnado admitido actualizada en data 29/08/19.

En data 02/09/19 recepcionouse na unidade xestora de ditos premios unha reclamación con número de entrada 2019/1795467 ás listaxes definitivas de alumnado admitido e excluído na que a persoa solicitante achega documentación na que acredita que a súa solicitude de participación cumpre os requisitos de participación establecidos no artigo 3 da mencionada Orde do 20 de maio de 2019 e que foi presentada no prazo estipulado no artigo 4 da referida Orde.

Polo tanto, publícase unha nova listaxe definitiva actualizada de alumnado admitido e excluído nos lugares establecidos no artigo 17 da Orde do 20 de maio de 2019.

Santiago de Compostela, 03 de setembro de 2019

